



SESION EXTRAORDINARIA URXENTE
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 20 DE XULLO DE 2022

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte de xullo dous mil vinte dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa asistencia do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D^a Tamara Ballesteros Vidueira, D. Francisco Fernandes Pires, D^a Cristina Clavería Alves e D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG, D. Jesús Río Piornedo do PP, e excusa a súa ausencia D. Francisco Antonio García Fornos do BNG e D. José Rodríguez Gómez do PSdeG, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno de carácter Extraordinario Urxente en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1.- APROBACIÓN DO CARÁCTER DE URXENCIA DA SESIÓN.

Xustifica o Alcalde-Presidente a necesidade da Sesión pola renovación da Poliza de Crédito con ABANCA que avanzou as condicións fai un día.

Sometido a votación, por unanimidade apróbase a URXENCIA da sesión.

2.- OPERACIÓN DE TESOURERÍA 1/2022 CON ABANCA POR 299.000 € OBRAS IDAE.

Considerando que se iniciou o procedemento para a concertación dunha operación de crédito a curto prazo, por importe de 299.000 €, para financiar as obras subvencionadas polo IDAE expedientes 3636, 3639 e 4020 que esixiron o pago das certificacións de obra con anterioridade ao cobro das subvencións concedidas. Considerando que as referidas obras foron executadas e xustificadas diante do IDAE tendo pendende de ingreso o importe global do 80% subvencionado que ascende a 354.459,07€.

Considerando que se emitiu por parte de secretaría informe sobre sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que se emitiu por parte de intervención informe sobre as condicións que debía conter dita operación en aplicación do principio de prudencia financeira e dos aspectos referidos aos recursos cos que conta a Corporación para facer frente a devolución mediante a pignoración das subvencións concedidas polo IDEA.

Vista a proposta realizada pola entidade con presenza na Mezquita ABANCA para a formalización da operación de 13 de xullo de 2022 con vencemento de 1 ano cun importe de 299.000 euros cun tipo de interés de Euribor a 3 meses e 0,55 con vencementos trimestrais e sin comisións.

Visto o dictamen da Comisión de Facenda celebrada o 18 de xullo no que se propón ó Pleno:

PRIMEIRO. Adxudicar á Entidade ABANCA a concertación da operación de crédito a curto prazo, por importe de 299.000 € nas seguintes condicións:

IMPORTE 299.000; PRAZO 1 ANO; INTERESE VARIABLE EURIBOR A 3 MESES E NOMINAL INICIAL 0,55; RESTO COMISIONS 0, E XUROS DE DEMORA 2% CON PAGO INTERESES TRIMESTRAL.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación a ABANCA E PROCEDER A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONTRATO.

VOTACIÓN E ACORDO





Sometido pola Presidencia á votación a aprobación deste punto o Pleno da Corporación APROBA co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e co voto a favor dos 6 integrantes do Grupo Municipal do BNG presentes na sesión, e coa abstención do Concelleiro D. Jesús Río Piornedo do PP a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar á Entidade ABANCA a concertación da operación de crédito a curto prazo, por importe de 299.000 € nas seguintes condicións ofertadas pola entidade con data 13 de xullo 2022:

IMPORTE: 299.000 €

PRAZO: 1 ANO

INTERESE: Euribor a 3 meses +0,55 INTERESE VARIABLE

COMISIÓN DE DISPOÑIBILIDADE: 0,000

COMISIÓN DE APERTURA: 0,000

COMISIÓN ESTUDIO: 0,000

COMISION CANCELACIÓN ANTICIPADA: 0,000

COMISIÓN MODIFICACIÓN: 0,000

GASTO POR GESTIÓN RECOBRO IMPAGOS: 0,000

CORRETAXE: 0,00

INTERESES DE DEMORA: 2%

CONTA CORRIENTE DE CRÉDITO: IBAN ES40 2080 0430 3555 0000 1751

SEGUNDO. Notificar a ABANCA a adxudicación da Operación de Tesourería para proceder á sinatura do correspondente contrato.

Sendo así, o Alcalde-Presidente deu por rematada a sesión sendo as dezanove horas e cincuenta minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

